



COMO LIBERAR O POTENCIAL DO VOSO NENO

ACTIVIDADES INSPIRADAS
NO MÉTODO MONTESSORI
0-2 ANOS

Daniela Valente

Tradución de María Mediero Mayán

COMO LIBERAR O POTENCIAL DO VOSO NENO

ACTIVIDADES INSPIRADAS
NO MÉTODO MONTESSORI
0-2 ANOS

Daniela Valente

Tradución
María Mediero Mayán



catroventos
EDITORA

9	Limiar
13	Introdución
17	Como utilizar o libro
21	María Montessori e a educación para un mundo novo
27	Os principios do método Montessori
41	O decálogo dos pais montessorianos
53	Características das actividades montessorianas
57	Características do material montessoriano
63	O nacemento do neno. Desde o primeiro día
67	Os primeiros meses
69	Actividades Montessori para os primeiros meses
75	O neno senta sen axuda. A partir dos 6 meses
78	Vida práctica
84	Actividades sensoriais
89	Favorecer o desenvolvemento natural do neno
95	O neno móvese sen axuda. A partir dos 9 meses
98	Vida práctica
100	Actividades sensoriais
103	Favorecer o desenvolvemento natural do neno
105	O neno camiña. A partir dos 12 meses
107	Vida práctica
112	Actividades sensoriais
117	Favorecer o desenvolvemento natural do neno
121	O neno fala. A partir dos 12 meses
124	Vida práctica
133	O neno explora. A partir dos 15 meses
137	Vida práctica
147	Actividades sensoriais
151	O neno comunícase. A partir dos 18 meses
163	Ligazóns útiles
164	Agradecementos
165	Bibliografía

LIMIAR

Maurizio Montesano, educador
www.mauriziomontesano.it

É para min motivo de ledicia introducir este manual, sinxelo e práctico, creado por unha nai para outros pais. As experiencias de Daniela Valente axudan a comprender que «ser pai» significa «ofrecer» a túa dispoñibilidade e atención para educar os nenos. O método educativo tomado como modelo é unha referencia perfecta. Para Maria Montessori, igual ca para outros pedagogos ilustrados, o concepto de experiencia é unha condición intrínseca do proceso educativo e a educación debe abrir o camiño cara a novas experiencias e á potenciación de todas as oportunidades para un sucesivo e novo desenvolvemento.

A vida de cadaquén debe ser entendida como unha «viaxe pedagóxica» caracterizada por tres condicións: desenvolvemento, crecemento e evolución. A educación só cobra sentido se a progresión da vida é concibida como tempo e espazo de mudanza. Na idea de transformación continua, a persoa debería vivir e avanzar cara a ese cambio que sexa unha construción real do seu ser e un descubrimento de toda a súa posible riqueza. Na relación pais-fillos, o proceso educativo implica tamén os educadores, porque, a partir do momento no que se comprometen coa transmisión do saber, están na obriga de avanzar cara á mellora constante, de dar o mellor deles nunha procura de xeitos novos e máis axeitados de relacionarse.

A relación co meniño guía os pais cara a unha nova ligazón co seu propio saber e unha maior sensibilidade, mesmo no tocante á mellora da súa capacidade de escoitar e coñecer esta vida que se lles encomendou.

Os pais deben considerar que están sempre nun crecemento constante. A relación co cativo é un desafío educativo que os convida a se educaren na relación con el. Non se nace pai. Cómpre aprender a educar, instruírse, adestrarse con amor e dedicación para sustentar o crecemento e o desenvolvemento do pequecho como escola da vida e descubrimento del mesmo, favorecendo unha aprendizaxe que empregue de cheo a súa intelixencia xeral.

A misión dos pais a respecto do neno non é fornecerlle unha cultura, senón apoialo nos esforzos da vida, no desenvolvemento libre da súa individualidade psicofísica. Ser «pai en crecemento» significa converterse nunha persoa idónea para educar. A súa función non é educar os fillos, senón adquirir a sensibilidade precisa para recoñecer as súas necesidades.

Ser pai é unha condición óptima para o propio proceso educativo, axuda a medrar nas capacidades para relacionarse, a transformarse en seres emocionalmente intelixentes e capaces de comunicarse, con empatía ao escoitar os demais.

«O cerebro, coma a vida, non é unha cousa estática, senón unha sucesión de acontecementos, un proceso de autocreación que se denomina *auto-poiese*.» As pescudas científicas amosan que tamén durante a idade adulta é posible facermos crecer a nosa propia intelixencia. Os neurocientíficos sosteñen que o cerebro é un sistema capaz de se reorganizar e dotado dunha plasticidade extraordinaria. A educación dos fillos precisa da nosa mellor intelixencia.

A interacción co neno e a súa educación comezan xa na vida prenatal, cando vive as súas primeiras interaccións coa nai, as primeiras percepcións que o preparan para relacionarse co mundo. O cativo é un embrión espiritual. Como pais, debemos ter presente que a relación con aquilo que o rodea é tan fundamental coma delicada.

Maria Montessori, co concepto de «mente absorbente», fai referencia á capacidade do neno para absorber o ambiente e incorporar os datos do mundo externo, adaptándose á realidade. Para ela, o pequeno é psiquicamente activo, interactúa coa contorna a través dunha absorción inconsciente, non patolóxica, senón creativa, construíndo en si mesmo o futuro adulto.

Calquera sentimento, palabra, ton de voz, achegamento, xesto, actitude e ambiente ten un impacto na educación do cativo e pode alterar o

seu estado de ánimo, o seu pensamento e modo de actuar; influír no seu estado de saúde, nas súas capacidades; educalo ou maleducalo; sensibilizalo na procura da vida e, por tanto, da relación ou do illamento.

Axudamos os nenos a «se crearen a si mesmos» predispóndolles as condicións axeitadas, sobre todo co desenvolvemento da capacidade de observar o novo mundo que os rodea.

NON SE NACE PAI. SER «PAI EN CRE-
CEMENTO» SIGNIFICA CONVERTERSE
NUNHA PERSOA IDÓNEA PARA EDUCAR.

INTRODUCCIÓN

Algúns mestres tamén son pais, pero non todos os pais son mestres.

Este libro nace da miña experiencia como nai, mais principalmente da miña profunda admiración por Maria Montessori e polo seu método, que demostrou todo o seu potencial no increíble desenvolvemento da autonomía de meu fillo.

Dado que non son educadora infantil nin tampouco pedagoga, este volume quere ser principalmente un manual práctico de actividades para realizar co voso cativo. Mentres esperaba o nacemento de meu fillo, topei cunha frase de Montessori: «Debemos ofrecerlle ao neno un ambiente que só lle pertenza a el: un pequeno lavabo propio, cadeiriñas, un armario con caixóns que poida abrir el mesmo e no que estean gardados obxectos de uso común que poida manexar, unha camiña cunha colcha bonita que el dobre e estenda só. Un ambiente no que o meniño poida vivir e xogar. Desta forma, verémolo traballar todo o día coas mans e agardar con impaciencia a hora de espirarse só e deitarse na cama. Tirará o po dos mobles, colocaraos no seu sitio, preocuparase por comer ben, vestirase só, será amable e tranquilo, sen bágoas, sen perrenchas, sen caprichos; afectuoso e obediente» (*L'Enfant* ['O neno']).

Non é este se cadra o soño de calquera pai? Que o seu fillo non sexa caprichoso e si amable e cariñoso? Que absorba de forma natural aquilo que nós sabemos? Isto é o que me veu á mente ao ler esta frase. No fondo, se a pedagogía de Montessori se espallou tan axiña no mundo, coa apertura de numerosas gardarías, xardíns de infancia e escolas, será porque o método funciona e esta muller extraordinaria descubriu de verdade o segredo do neno.

«Cómpre apoiar ao máximo o desexo de actividade do neno; non servilo, mais educao na independencia.»

Maria Montessori,
Das Kind in der Familie
(‘O neno en familia’)

Se o pensamos ben, podería dicirse mesmo que o soño de calquera cativo é ter uns pais montessorianos: comprensivos, cariñosos, pacientes, con autoridade pero non autoritarios, que saiban dar poucas regras pero claras, respectuosos e contrarios ao uso de calquera tipo de violencia. A lectura dos escritos de Maria Montessori non é un pasatempo: precísase asiduidade e método para comprender e reunir as pezas do quebra-cabezas do seu método ciscadas polos libros que foi escribindo ao longo de cincuenta anos. Ademais, detectei no sector editorial italiano un baleiro de publicacións de volumes sobre a educación relativos aos primeiros anos, pero a pesar diso non pedín papas: lin todo canto atopei sobre o método en inglés, francés e alemán, e até achei unha versión anglosaxoa do método que xa non é posible encontrar en Italia. Para profundar o máximo posible no argumento fixen moitas pescudas na Internet, acudín a cursos e visitei gardarías, todo para poder aplicar o método na casa, co meu neno. Púxeno todo da miña parte e recollín os resultados, xustamente como dicía Montessori: meu fillo non só é un rapaz seguro de si mesmo, independente, preparado para afrontar o mundo, senón tamén san e cheo de vida, porque educar o espírito tamén contribúe á saúde do corpo.

Este libro nace como resposta aos diversos problemas que me xurdiron ao pór en práctica o método: saber que propor e a que idade ou en que período, coñecer que actividade é axeitada e cal non, aplicar os valiosos consellos de Montessori na vida diaria, estimulando o meniño pero sen esaxerar e afastando os meus medos para permitir que o neno experimente

con liberdade. Este libro pretende ser unha axuda para todos os pais que queren favorecer o desenvolvemento natural do seu cativo, unha fonte de inspiración de ideas para actividades simples e económicas que se poidan facer na casa —obviamente, en liña cos principios do método Montessori— e entre as que poder escoller aquelas que mellor reflectan a personalidade e o período sensible do pequeno.

Falo do «voso» neno porque o libro está dirixido á nai, ao pai ou a quen estea ao seu cargo. De feito, penso que é imposible aplicar a pedagogía Montessori sen que todos os membros da familia encargados da crianza estean convencidos. O esforzo que supón educar un fillo é grande: nós, os pais, non somos educadores, non estudamos para criar o noso neno e, por iso, cando chega ao mundo, preguntámonos que temos que facer, como facelo, que lle debemos aprender. E, con frecuencia, se cadra de forma inconsciente, tendemos a reproducir aquilo que os nosos pais fixeron connosco cando, con todo, nós, como pais, decidimos educar o noso fillo co método Montessori e aceptamos o compromiso de informarnos para saber en que consiste e como levalo á práctica cada día. Facémonos preguntas sobre aquilo que queremos para o noso miúdo e esforzámonos por ser coherentes, decote contra os nosos instintos, que nos impulsan a repetir aquilo que aprendemos (ou vivimos) de pequenos.

Ser pais montessorianos require un certo esforzo: é máis doado dar de comer a un meniño ca ensinarlle a que coma só, estando xunta a el para guialo, pero sen substituílo, coa paciencia de observalo durante media hora e, por último, limpar onde ensuciou; é máis cómodo poñelo a gatear nun parque de xogos ca vixialo mentres explora a casa; é máis rápido vestilo ca aprenderlle a que se vista el só.

Darlle liberdade a un cativo para que explore el só o espazo implica preparar un ambiente seguro, sen perigos; significa transmitirle confianza, mais tamén confiar nun mesmo, porque non é doado observar sen intervir, non é sinxelo estar onda el para evitar que se manque, pero sen facerlle chegar a nosa apreensión. Cantas veces me teñen dito: «E non tes medo de que se atrago comendo só?» ou «Non pasas apuro pensando que poida bater coa cabeza ao baixar do sofá?». Claro que paso apuro, pero iso non quere dicir que deba limitar o meu pequecho por mor dos meus temores; abofé que estou moito máis atenta ao que fai e aos riscos que poida correr; impido que se vexa en situacións nas que se podería mancar de verdade,

pero deixo que experimente as pequenas caídas, para que aprenda sen axuda que existe a dor e que cómpre prestar atención a onde se poñen os pés e a cabeza.

Cando vemos os progresos do noso cativo e a ledicia coa que fai as cousas por si mesmo, sentimos que todos os nosos esforzos se ven recompensados. É certo que acostuma ser un «traballo» esgotador, que podemos ter «recaídas» e vernos tentados a aplicar os vellos métodos (o premio, o castigo, a reprimenda) —non somos perfectos, ninguén o é—, pero se persistimos, darémonos de conta de que Maria Montessori tiña razón: os caprichos non existen, detrás de calquera desviación agóchase un motivo, un desconforto. Segundo Maria Montessori, «a grandeza da personalidade humana comeza no nacemento» (*Educación para un mundo novo*).

Daquela, os primeiros tres anos de vida son os máis importantes para o desenvolvemento dun meniño; non é casualidade que sexan coñecidos como os anos da «mente absorbente». Por iso, cómpre aplicar o método desde o comezo. Espero que desfrutedes tanto con este libro como desfrutei eu ao escribilo e que faga que o voso neno libere todo o seu potencial.

Daniela Valente
Múnic, 2015

«O deber de empeñarse na educación dos nenos máis pequenos non persegue o obxectivo externo de facilitar o comezo do período da educación obrigatoria, senón que se trata dun deber coa vida e, por tanto, coa saúde do neno [...]»

Maria Montessori,
Educazione alla libertà
(‘Educación para a liberdade’)

O SOÑO DE CALQUERA CATIVO É TER UNS PAIS MONTESSORIANOS.

COMO UTILIZAR O LIBRO

Como propor as actividades

Ao comezo do libro, achégase unha breve biografía de Maria Montessori e unha pequena introdución ao seu método. No resto do texto vaise falando dos seus escritos e aquí e acolá habedes atopar diferentes citas inspiradoras tiradas dos seus libros. Recomendovos que leades directamente os seus textos para ser quen de comprenderdes mellor os fundamentos do seu método.

Hai algunhas preguntas que os pais adoitan facerme de xeito recorrente: «Como sei cal é o mellor material para comezar?», «Como sei cando lle propuxen ao meu neno a actividade apropiada ou precisa unha cousa diferente?».

En realidade, non existe un esquema de actividades para lle suxerir ao pequeno: só el pode saber que é o que necesita. Por iso, as actividades non se presentan segundo a súa idade, senón en función da súa etapa de desenvolvemento.

Como sabemos, os tempos que cada persoa precisa para acadar as diferentes fases naturais da súa evolución varían. En consecuencia, ao comezo de cada capítulo atoparedes a indicación «a partir de» e non unha idade concreta.

Isto serviravos para entender cal é a etapa de desenvolvemento necesaria para cada actividade: non é recomendable, por exemplo, suxerir lle unha actividade que require que o pequerrecho manipule obxectos se aínda non é quen de sentar soíño sen axuda.

En calquera caso, cando se acada unha fase evolutiva, poida que algunhas propostas sexan interesantes para o pequecho e outras non.

Correspóndevos a vós observalo atentamente e descubrir cales son os seus intereses. Semella difícil, pero non o é: malia non usaren palabras, os cativos fálannos moito máis do que pensamos. Abonda con saber observalos e escoitalos.

Recoméndovos ler o libro enteiro, aínda que polo de agora o voso pequeno non acadase certas etapas de desenvolvemento, porque non se pode predicir cando chegará a elas: acotío as transicións maniféstanse «aos saltos». Por exemplo, poida que non entendades por que o neno aínda non gatea e se cadra un par de días despois dá os seus primeiros pasos e déixavos parvos. Por outra banda, algunhas actividades precisan material que teredes que preparar ou procurar cunha certa anticipación e é mellor pensalo todo con tempo para que non vos colla a velas vir. Por non falar de que será máis doado saber que actividade suxerir se xa temos algunha idea de até que punto podemos chegar.

A vosa función, como pais e educadores, é axudar ao natural proceso de crecemento e desenvolvemento que ten lugar espontaneamente no neno. Sodes observadores, compañeiros listos para ofrecerlle unha serie de estímulos nun ambiente preparado adecuadamente para que estea exposto a intervencións directas e invasoras.

Daquela, como lle presentamos unha actividade? Sentade onda o neno nun momento de calma, cando non estea ocupado facendo outra cousa, e levade convosco o material para unha actividade que pensades que lle poida interesar. Suxerídella, explicándolle como funciona, con poucas palabras claras e sinxelas, nun ton de voz que transmita entusiasmo e interese. Dícidelle sempre a verdade, non inventedes historias para atraer a súa atención. Lembraide que simplemente lle estades a facer unha proposta, non obrigando o cativo a que faga algo que queredes vós. Ás veces, as palabras tampouco serven; é o propio material o que esperta a curiosidade do neno. Se responde con interese, significa que fostes bos observadores e propuxestes unha actividade adecuada para o seu grao de desenvolvemento e o período sensible que atravesa; se, pola contra, non se interesa ou non emprega o material de forma idónea (por exemplo, guíndao), gardade a actividade e suxerídella noutro momento.

Se vos parece que o meniño ten problemas e pide axuda porque o exercicio se lle fai demasiado difícil, propóndelle outra opción máis doada que poida realizar só para que adquira confianza en si mesmo.

Se comete erros no uso ou na comprensión, non o corrixades. É bo sinal que durante a actividade sexa quen de corrixirse só; se isto non acontece, quere dicir que aínda non está preparado para a actividade. Gardade o material sen problema, para non frustralo, e volvédello suxerir máis adiante.

É moi probable que o maior atranco que teñades que afrontar como pais sexa xustamente ser quen de intervir o menos posible, permitíndolle ao voso fillo que proceda e erre só. É certo o que di o dito: dos erros apréndese. E aínda que o cativo vos semelle zoupón e iso vos leve a pensar que se lle dades unha man acadará antes a súa meta, a mellor axuda que lle podedes ofrecer é non distraelo. Lembrade que a actividade é a que ten que ser axeitada para o rapaz, non ao contrario. Este libro non vos quere animar a entrar nunha «competición» de lle propor o maior número de actividades posibles; é máis, como é normal que sexa, algunhas propostas han espertar o seu interese e outras non. Se o pequecho pasa varios días concentrado no mesmo material, non lle suxirades outro: deixade que chegue ao final do seu traballo e, daquela, da súa aprendizaxe. Montessori facía fincapé na importancia da repetición dunha actividade, porque o neno precisa facer e refacer o mesmo até quedar satisfeito e contento. Non obstaculicedes este proceso.

Mirade ben polo material: comprobade que estea ordenado, completo e limpo; substituídeo se rompe e gardádeo sempre no mesmo sitio.

Observar o pequeno e recoñecer o período sensible que atravesa havos guiar na escolla das propostas. E se non lle presta nada do que

«O neno ten unha gran misión que o empurra: crecer e converterse nun adulto.»

Maria Montessori,
La scoperta del bambino
(‘O descubrimento do neno’)

«O máis importante é respectar todas as formas de actividade razoables do neno e tratar de entendelas.»

María Montessori,
Das Kind in der Familie
(‘O neno en familia’)

lle suxerides? Observade ben o neno; se cadra estádeslle propondo material non axeitado para esta fase en concreto ou estádesllo ofrecendo nun momento do día non adecuado.

Deixade o material ao seu dispor e estude as súas reaccións: se non se manifestan, ao cabo duns días trocade esta actividade por outra. Non lle deixedes botar o material polo aire ou empregalo incorrectamente, facédelle entender que ten valor. Se isto acontece, propóndelle outros materiais até atopardes un que lle chame a atención.

Ás veces, o que lle suxerimos é simple ou complicado de máis para el; por iso, as actividades non captan o seu interese. Preguntádevos se o cativo non terá á man demasiados xogos e materiais, fontes de distracción, e ao pasar dun para o outro non se dá centrado.

Por último, armádevos de paciencia: medrar é un traballo que require tempo.

MARIA MONTESSORI
E A EDUCAÇÃO PARA
UN MUNDO NOVO

Abofé que calquera italiano lembra a imaxe que aparecía nos billetes de mil das antigas liras: o rostro de Maria Montessori. Doutora, pedagoga, educadora, médica e científica nada en 1870, tendo en conta o seu eclecticismo e a súa capacidade para sobresaír en diferentes ciencias, podería ser considerada a Leonardo do século xx.

Maria Montessori nace en Chiaravalle, na provincia italiana de Ancona, o 31 de agosto. A causa do traballo de seu pai, os Montessori múdanse de Chiaravalle a Florencia e despois a Roma, onde Maria realiza os seus estudos. A moza matricúlase na Facultade de Medicina da Universidade La Sapienza de Roma e, en 1896, convértese nunha das primeiras mulleres italianas en licenciarse en Medicina. Máis adiante, especialízase en Pediatría no Hospital Infantil de Roma.

Antes de se licenciar, leva a cabo investigacións de tipo experimental no laboratorio e de observación nas salas do manicomio do hospital de Santa Maria della Pietà di Monte Mario. A tese, tamén de carácter experimental, que lle permite licenciarse titúlase *Contribución clínica ao estudo das alucinacións con contido antagónico* e, grazas a ela, ofrécenlle traballar como auxiliar na clínica psiquiátrica da Universidade de Roma, onde colabora con Giuseppe Ferruccio Montesano. Aquí, dedícase á recuperación de nenos con problemas psíquicos.

Naqueles anos, interésase polo traballo realizado por Itard e o seu colaborador, Edouard Séguin, no tocante á posibilidade de introducir na comunidade estes rapaces a través dun adecuado proceso educativo. Montessori estuda estes métodos experimentais de reeducación e reelabóraos construindo materiais formativos. A diferenza dos seus compañeiros, considera que o problema dos nenos neurasténicos é unha cuestión prevalentemente pedagóxica, non médica, e en 1898 presenta en Turín, durante un congreso pedagóxico, os extraordinarios resultados das súas primeiras pescudas con cativos con algún tipo de deficiencia. Grazas ao éxito obtido, Guido Bacelli, ministro italiano do Ensino e mestre dela, confíalle o traballo de celebrar un ciclo de conferencias sobre a educación dos nenos con neurastenia. Esta actividade, concibida para as mestras de Roma, transfórmase máis adiante na Escola Maxistral Ortofrénica, que ela mesma dirixiu durante máis de dous anos. Montessori comeza a interesarse máis pola educación e descobre que ten unha misión que cumprir, pero coida que lle faltan

«Eu mesma non quero que se me presente como a gran educadora deste século: o único que fixen foi estudar o neno e recibir e expresar aquilo que el me deu, e que recibe o nome de Método Montessori. Ao máximo, son a intérprete do neno.»

Maria Montessori,
Educazione alla libertà
(‘Educación para a liberdade’)

«Se para a humanidade hai algunha esperanza de salvación, a solución non poderá vir máis ca do neno, porque a partir del se constrúe o home e, por tanto, a sociedade.»

Maria Montessori,
Educación para un mundo novo

bases culturais sólidas para avanzar cara ao seu obxectivo e decide retomar os estudos. Licénciase en Filosofía, coa intención de profundar nos seus coñecementos pedagóxicos.

Neses anos, está comprometida coa defensa da emancipación feminina e participa no Congreso Feminino de 1896 en Berlín, como representante de Italia, e no Congreso Feminino de 1899 en Londres.

En 1904, consegue a habilitación para dar clases de Antropoloxía e ten a oportunidade de se ocupar da organización educativa das gardarías. En 1907, en San Lorenzo, un dos barrios pobres de Roma, xorde a posibilidade de abrir a primeira *Casa dei Bambini* (Casa dos Nenos), pensada para miúdos dos 3 aos 6 anos. Neste lugar, pon en práctica a nova concepción de centros de educación preescolar a través da aplicación do método da pedagogía científica, que se describe no volume da súa autoría publicado en 1909 e acollido con grande entusiasmo a escala internacional. A escola romana é vista como un milagre: un espazo onde os nenos, espelidos e felices, aprenden sen necesidade de recorrer a premios ou castigos, onde aplican a disciplina espontánea e desenvolven unha vida social libre, onde aprenden sos a ler e escribir desde a máis tenra idade. En 1924, nacen a Escola Maxistral Montessori e a Obra Nacional Montessori.

A doutora italiana faise famosa en todo o mundo polas súas investigacións e conquistas; son moitos os estudosos, pais e docentes que seguen con fervor as súas conferencias e as súas escolas espállanse axiña polos cinco continentes.

HOXE EXISTEN NO MUNDO MÁIS DE 22 000 ESCOLAS MONTESSORI

Nos primeiros anos do réxime fascista italiano, ninguén lle impediu abrir novas escolas ou dar conferencias, pero en 1924 Mussolini amosou as súas verdadeiras intencións e o auténtico rostro da ditadura.

Cando remataron os cursos internacionais de Roma de 1931 e as conferencias fóra de Italia (entre elas a celebrada en Xenebra sobre a paz, de gran resonancia internacional), a inconciliabilidade ideolóxica entre Mussolini e Montessori tórnase evidente, até o punto de que en 1934 se emite unha orde de peche de todas as escolas Montessori en Italia e, nese mesmo ano, Hitler tamén decreta o seu pechamento en Alemaña e Austria.

En 1933, cando sae o libro *La pace e l'educazione* ('A paz e a educación'), Montessori xa estaba marxinada pola cultura fascista.

No ano seguinte, marcha de Italia con seu fillo Mario, nado en 1898 froito dunha relación clandestina co seu compañeiro Montesano, e trasládase a Ámsterdam.

Cando estoupa a Segunda Guerra Mundial, está asistindo a un curso na India, onde fica como prisioneira dos ingleses que, malia a todo, lle permitiron continuar coa súa obra pedagóxica.

Co fin da guerra, volta a Europa e, en 1947, regresa a Italia, onde a reciben con todas as honras no Parlamento italiano.

«Asegúrovos que, se non tivese a certeza de que o ser humano pode mellorar, non había ter a forza para loitar durante cincuenta anos, comezando de novo a obra que outros decidiron derrubarme. Non tería forza, á miña idade, para seguir a percorrer o mundo a predicar esta verdade.»

Actas do VIII Congreso Nacional Montessori de Italia Sanremo, 22-29 de agosto de 1949

Como liberar o potencial do voso neno

Maria Montessori morre o 6 de maio de 1952 en Noordwijk (Holanda). Na súa sepultura pódese ler, en italiano: «*Io prego i cari bambini, che possono tutto, di unirsi a me per la costruzione della pace negli uomini e nel mondo*» ('Prego aos meus prezados nenos, que todo o poden, que se unan a min para construír a paz entre os homes e no mundo').

OS PRINCÍPIOS DO MÉTODO
MONTSSORI

O obxectivo do método Montessori é favorecer o crecemento natural do neno para formar un adulto sereno, en paz consigo mesmo e coa sociedade na que vive. Mentres que a formación tradicional, prevalente aínda a día de hoxe, segue a concentrarse na transmisión de bloques de coñecementos prescritos, o enfoque Montessori baséase no apoio do desenvolvemento natural do ser humano.

Máis ca un método, trátase dunha auténtica pedagogía fundamentada en conceptos precisos.

A evolución natural do neno

O neno ten un instinto natural de crecemento escrito no seu propio ADN. Como todos os seres vivos, as persoas tamén posúen un programa concreto de desenvolvemento que seguen inconscientemente durante o seu crecemento.

Ao sementarmos un campo, as plantas non van medrando todas á vez e á mesma velocidade; do mesmo xeito, cada rapaz ten un ritmo diferente para acadar determinados logros, como camiñar, falar e relacionarse cos demais. O labor do adulto é semellante ao do labrego: cómpre preparar a terra, regala e protexela da xeadá, pero unha vez botada a semente, só podemos agardar pacientemente a que a natureza siga o seu curso. Cando a plantiña abrolle, cumprirá mirar por ela, fornecerlle o alimento preciso no momento oportuno, guiala para que medre dereita, mais non se poderá acelerar o seu proceso de crecemento natural.

Igual ca o labrego, o educador debe observar o neno mentres medra e estudar atentamente os sinais que envía para poder axudalo propóndolle actividades axeitadas para o período sensible que está a atravesar.

Os períodos sensibles

María Montessori, nos seus escritos, fala dos «períodos sensibles», un concepto que toma do biólogo De Vries. Os períodos sensibles son un reclamo natural, instintivo e irresistible que o pequeno experimenta mentres medra, como o mar é un reclamo para as tartarugas pequenas que saen do ovo: se responden á chamada, sobreviven; se non atopan a auga, morren.

Durante estes períodos, o cativo asimila naturalmente a través do seu espírito absorbente todo o que se lle suxire. Son fases transitorias nas

«A educación é un proceso natural que ten lugar espontaneamente no individuo e non se adquire escoitando as palabras dos demais, senón mediante a experiencia directa do mundo circundante.»

Maria Montessori,
Educación para un mundo novo

que unha marcada sensibilidade axuda a que o cerebro do meniño creza adquirindo habilidades precisas. Se, antes de que conclúa este período, o pequecho atopa aquilo que nutre a súa necesidade, o seu espírito expándese; se non dá con el, a oportunidade de crecemento pérdese. Iso crea no neno unha lagoa que xa non se vai dar enchido —por non chamalo un verdadeiro sufrimento interior— que vai expresar por medio dun comportamento desviado que os adultos denominan «capricho».

Son os períodos sensibles os que van guiar o neno, facendo que sexa perceptivo a algunhas cousas e indiferente a outras.

É moi importante que os pais coñezan estas etapas para podelas recoñecer a través da observación. Son comparables á fase bonus dos videoxogos, esa que durante un determinado período de tempo permite duplicar os puntos que facemos. Cando remata a fase, remata a oportunidade.

É inútil tratar de recuperar un período que xa pasou ou, pola contra, tentar estimular o neno con actividades relativas a un período que aínda non se manifestou.

No entanto, cales son os períodos sensibles que o cativo pode atravesar desde o seu nacemento até os dous ou tres anos? (sempre tendo en conta que as diferentes fases se poden superpor ou repetir, e que cadaquén ten os seus tempos).

O período sensible do apego (0-1 anos)

Xusto despois do nacemento, ao deixar o meniño sobre o peito materno, ten lugar unha

especie de milagre: guiado polo propio instinto, o bebé busca a mamila e o leite.

O apego entre nai e fillo xorde xa desde o primeiro instante de vida e é unha necesidade do neno. Por este motivo, hoxe, tras o parto, téndense a adiar os primeiros coidados para permitir que o pequeno desfrute canto antes dun momento de intimidade coa nai. O mesmo ocorre coa lactación.

Se, durante o primeiro ano o cativo establece unha relación sólida con seus pais, en concreto, coa nai, sentirase seguro, reforzará a confianza en si mesmo e vivirá con máis serenidade os momentos de separación.

O período sensible da orde (0-6 anos)

Este concepto podería parecer un pouco estraño a un pai afeito a que a casa estea desordenada por culpa do neno. En realidade, a procura da orde por parte do meniño exprésase dun xeito diferente á do adulto: é unha busca de lóxica, é a necesidade de atopar e volver colocar as cousas (e as persoas) no seu sitio. É unha necesidade de rutina que non se corresponde necesariamente co concepto de «orde» como o entendería un adulto. É a necesidade de, por exemplo, atopar os obxectos sempre no mesmo sitio, de usar a mesma cunca ou, como me aconteceu acotío, ver que unha determinada acción sexa realizada por unha persoa concreta e non por outra.

Cando un neno ten aquilo que comunemente (e erroneamente) recibe o nome de «capricho» porque, por exemplo, non quere

«A vida está no movemento.»

Aristóteles

COMO LIBERAR O POTENCIAL DO VOSO NENO

Unha guía práctica, chea de actividades e xogos con obxectos sinxelos que podedes atopar pola casa, e moitos consellos e suxestións interesantes –todos eles en liña cos principios do método Montessori– entre os que poder escoller aqueles que mellor reflectan a personalidade e o período sensible de pequenos de até dous anos de idade.

Os cativos non son obxectos cos que pór en práctica as nosas propostas, senón persoas que precisan un ambiente preparado con coidado, con moitas actividades diferentes e estimulantes que respondan ás súas necesidades de tocar, manipular, explorar con todos os sentidos, alimentando e sostendo o proceso natural de crecemento de cada neno.



www.catroventos.gal



EDUCACIÓN E CRIANZA
ALTERNATIVAS

ISBN 978-84-945917-8-5



9 788494 591785